

Memoria xustificativa da addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos para a remodelación da avenida de Puxeiros – avenida do Rebullón.

1.- Antecedentes.

O 18 de febreiro de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos para a remodelación da Avenida de Puxeiros - Avenida do Rebullón.

O orzamento necesario para a execución das obras estímase nun millón douscentos oitenta e dous mil trescentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos de euro (1.282.373,65 €) IVE incluído, dos que a Axencia Galega de Infraestruturas asume o importe de 600.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria

De conformidade coa cláusula quinta serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2025. A anualidade 2026 correrá na súa totalidade de conta do concello que deberá de presentar o xustificante do investimento realizado.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

2.- Razóns de necesidade e oportunidade

Con data 3 de decembro de 2025 o Concello de Mos solicita unha prórroga de dez días para presentar o investimento realizado. Basea a súa solicitude nas condicións meteorolóxicas adversas que afectaron ao ritmo das obras.

Dado que se trata dun convenio nominativo o concello ten que xustificar o investimento no ano 2025 para non perder a subvención. Polo que cómpre tramitar unha addenda para modificar unha liña da cláusula quinta, referente á xustificación e pagamento, e ampliar o prazo de xustificación do investimento ata o 18 de decembro mantendo a redacción orixinal do convenio no resto.

3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza Martínez

